Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 ✿ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Seres míticos

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Se un día calquera un viaxeiro

Se un día calquera un viaxeiro conseguise voar montado nun cabalo desde Slagelse (Dinamarca) ata Compostela en Galicia diríamos que o suceso é produto de maxia ou de encantamento.

Slagelse é unha cidade dinamarquesa de arredor de 30.000 habitantes situada na illa de Selandia, a uns cen quilómetros de Copenhague. A finais do s. XII ou principios do XIII había en Slagelse un crego chamado André, cura párroco que tivo o mérito de conseguir do rei Valdemar a anexión ao concello de Slagelse dunha grande extensión de terreo. E foi que o rei, tras as insistentes queixas do crego pois precisaban máis pasto para as ovellas, consentiu en conceder ao concello a anexión do territorio que o crego cercase montado nunha montura vella mentres a súa maxestade tomaba un baño. Aos poucos minutos, o rei, aconsellado pola servidume, tivo que interromper o baño xa que o crego andaba lixeiro demais e xa cercara unha considerable extensión.

Este foi un dos moitos prodixios, non o único, que se lle apoñen. Outra vez, o reverendo padre perdeu un guante e no lugar onde lle caeu abrollou unha fonte que aínda hoxe mana auga. Curou eivados e devolveulle a vista a cegos pero as súas fazañas máis prodixiosas teñen que ver coas súas viaxes aéreas, sempre dacabalo, a Terra Santa, a Santiago de Compostela e a Nidaros, hoxe Trondheim, en Noruega.

A viaxe de ida a Terra Santa fíxoa por mar pero a volta, ao non querer agardar os seus compañeiros a celebración da misa de Pascua de Resurrección pois ameazaba temporal, fíxoa polo aire, montado nun cabalo fogoso, guiado por un xinete misterioso. Na viaxe adormeceu e cando espertou, onde aterrou, a carón de Slagelse, sentiu falar a súa lingua e recoñeceu a súa igrexa e a súa propia casa. No lugar da aterraxe, coñecido como o Outeiro do Repouso, hai unha cruz cunha inscrición que lembra o suceso. Ao día seguinte viaxou polo mesmo medio ata onde se venera o sartego do señor Santiago en Compostela e ao regreso fixo parada no sepulcro de San Olaf en Nidaros.

A pregunta que se fai Vicente Almazán, autor dun artigo publicado en Grial, nº 82 (1983) sobre este asunto, é quen podería ser o xinete que conducía o cabalo que levaba e traía a André dun sitio para outro. A resposta para el como para outros estudosos do tema non ten dúbida; tiña que ser Santiago, prodixioso cabaleiro!

Neste mesmo século XIII, o arcebispo compostelá, Pedro Muñíz, que era de Brión, estando en Roma na Noite de Nadal trasladouse a Santiago polos aires e chegou a tempo para o rezo de matíns.

André, chamado santo André aínda que non estea canonizado, disque morreu en 1205 cando a sede do bispado de Mondoñedo estaba en Ribadeo con Pelaio II de Cebeira, o do báculo de Limoges, como bispo. Apetéceme imaxinar a André, santo viquingo, cruzando aéreo a Mariña (calquera outra ruta sería perda de tempo) aló polos comezos do s. XIII, observando extasiado desde o aire a fermosura dos vales e das serras nosas, se cadra rememorando as maxias de San Gonzalo e as prevencións que os folletos turísticos de por alá xa apuntaban sobre os riscos das recaladas de cruceiros nas nosas costas.

©Antonio Reigosa

BIBLIOGRAFÍA

Almazán, V. (1983): "*Unha pelengrinaxe aérea ao Xacobe de Galicia no século xiii"*, en Grial, 82, páx. 399-409.